



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1168 /1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11 DE MARZO DE 2022.

1.- Ratificación da urxencia.

ALCALDÍA

2.- Proposta de aprobación dun protocolo xeral de actuación entre a Secretaria Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Vigo. Expte. 18966/101.

3.- Expediente de contratación do patrocinio publicitario para a “XXIII Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2022” organizada polo Faro de Vigo. Expte. 18941/101.

SERVIZOS XERAIS

4.- Proposta para a aprobación do Plan de Medidas Antifraude no marco da Orde HFP/1030/2021 pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. Expte. 1185/441.

5.- Subsanación do requirimento da Fundación Biodiversidade F.S.P, sobre a solicitude presentada polo Concello de Vigo á convocatoria de subvencións para o fomento de actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia das cidades españolas 2021, no marco do PRTR. Expte. 1146/441.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE na Sala do Pleno de xeito presencial o día **11 de marzo de 2022, ás 15,30 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez